

Comentario do plano urbano de Vitoria-Gasteiz


a) O casco antigo abarca a área urbanizada entre a orixe da cidade e o s.XIX. O seu núcleo primitivo buscou un **emprazamento** defensivo sobre un suave outeiro, onde se atopaba a aldea de Gasteiz. A primitiva cidade (s.XII) tiña unha **situación** favorable, no centro dunha zona de gran riqueza agraria, ben comunicada co val do Ebro e a costa cantábrica.



Las tres fases en el crecimiento medieval de Vitoria

1181

Nacimiento de Vitoria como villa a partir de la fundación del monarca navarro Sancho VI.




1202

Reconstrucción de la villa original y ampliación hacia el Oeste por iniciativa de Alfonso VIII




1256


Segunda ampliación, en este caso hacia el Este, en tiempos del rey Alfonso X




O **plano** do *casco antigo*, reflexa a influencia do emprazamento, pois adoptou un modelo raio-céntrico ovalado, con centro no cume do outeiro do que parten rúas radiais cara á base, cortadas por outras, que forman aneis concéntricos.



O *casco antigo* posuía **murallas**, das que se conservan aínda hoxe unha parte importante. Estas murallas tiñan unha función defensiva, fiscal e sanitaria.




As rúas son estreitas e a **trama** é cerrada e compacta, con casas dispostas unhas xunto ás outras, deixando pouco espazo libre entre elas. O máis destacado deses espazos é a Praza Maior (s.XVIII), situada ao sur, que dirixiu a expansión urbana cara a esa zona. A **edificación** non pode apreciarse no plano, pero evolucionou desde a baixa altura a unha maior verticalización e densificación. Ademais se conservan edificios históricos: catedral, palacios, igrexas...





As **funcións** tradicionais do casco antigo eran artesanais e residenciais e actualmente son sobre todo residenciais.



Os nomes dalgunhas rúas recordan a presenza de obradoiros artesanais na cidade medieval ou de minorías relixiosas.

O **deterioro e o avellentamento** das rúas e edificios supuxo un gran deterioro social e ambiental, polo que se levou a cabo unha política de rehabilitación das rúas, edificios históricos e vivendas.










5° CONAMA local
 Reformulando juntos las ciudades
 Del 29 de noviembre al 1 de diciembre de 2011

Vitoria-Gasteiz
 Capital Verde Europea 2012

b) **O ensanche** corresponde á 2º ½ do s.XIX e responde á elección da cidade como capital provincial e á chegada do ferrocarril, que lle otorgou funcións administrativas e reafirmou o seu papel como centro de comarca agraria, motivando un certo crecemento da poboación. O *ensanche* ocupou o espazo entre a Praza Maior e a estación. O **plano** adoptou un modelo en cuadrícula, do que resulta unha **trama** cerrada en quinteiros regulares. O alto valor do solo e a calidade residencial fixo que se instalasen as clases altas e medias.





Praza da Virxe Branca



Na década dos vinte constrúense preto do ensanche dous *barrios ou cidades-xardín*, que nacen con apoio municipal. Ao suroeste do ensanche foron construídas casas individuais de luxo para clases acomodadas e ao leste medra un barrio planificado nun principio como vivendas de casas económicas, pero que rematan sendo costeadas e ocupadas pola burguesía.



*A Praza Maior do s.XVIII
marca a separación entre o
casco histórico e o ensanche.*



Cidades-xardín

Ensanche do s.XIX



Na actualidade os **usos do solo** no ensanche son tamén terciarios, pois esta zona é o C.B.D. e concentra a actividade administrativa e comercial, que ten desprazado á residencial, sobre todo nos edificios do centro do *ensanche*.





VITORIA-GASTEIZ

- ① Pza de España
- ② Palacio de Escoriaza
- ③ Parlamento Vasco
- ④ Diputación foral de Álava
- ⑤ Sede del Gob. Vasco
- ⑥ Museo Prov. de Bellas Artes
- ⑦ Pza de la Virgen Blanca
- ⑧ Catedral de Sta. María
- ⑨ Casa del Cordón
- ⑩ Catedral de María Inmaculada



Desarrollo urbano de Vitoria-Gasteiz

- núcleo originario del s. XII
- ciudad medieval del s. XIII
- ensanches de los siglos XVIII-XIX
- crecimiento de 1900 a 1940 Ciudad Jardín
- crecimiento de 1940 a 1965
- desarrollo contemporáneo
- núcleos rurales integrados total o parcialmente en la trama urbana


c) A periferia rodea o *casco antigo* e o *ensanche*. Creouse nos anos 60 como consecuencia da conversión da cidade nun potente núcleo industrial, o que supuxo a chegada dun gran número de inmigrantes e levou á creación de áreas industriais, residenciais e de equipamento.










Furgoneta DKW, 1956,
Fábrica Imosa, Vitoria



VITORIA-GASTEIZ



USOS DO SOLO

-  Zona medieval.
-  Centro de actividade ou CBD.
-  Áreas residenciais de rendas altas.
-  Áreas residenciais de rendas altas e medias.
-  Áreas residenciais de rendas medias e baixas.
-  Zonas industriais.
-  Outros usos do solo.

As áreas residenciais teñen unha tipoloxía diversa en función do prezo do solo e da categoría social da súa poboación. Os barrios de clase alta, con casas amplas, de maior calidade e con máis servizos, localízanse nos arredores do *ensanche*, e da *cidade-xardín*, polo que teñen tamén funcións terciarias. Os barrios obreiros atópanse ao leste do *casco antigo*, (nunha zona que tivo funcións industriais en torno ao antigo ferrocarril e que actualmente se desprazaron hacia a periferia) e tamén nas cercanías dos polígonos industriais que rodean a cidade.







As zonas industriais instálanse en polígonos que se localizan xunto ás principais vías de acceso á cidade (onde atopan equipamentos, solo abundante e barato, man de obra...).




O edificio da Antiga Fábrica Azucarera de Vitoria foi inaugurado en 1904 pasando a ser declarada Ben Cultural de Euskadi e patrimonio industrial vasco no ano 2000. Tras a súa restauración e rehabilitación pasou a ofrecer locais en aluguer para a instalación de novas empresas, relacionadas nalgúns casos coas novas tecnoloxías (enxeñaría informática, robótica...) ou co asesoramento técnico a outras empresas.

Na *periferia* tamén se teñen creado **zonas de equipamentos urbanos** deportivos, docentes, sanitarios, culturais, comerciais... (solo abundante e máis barato...).

O Parque empresarial de Júndiz, situado a seis Km de Vitoria acolle a máis de 120 empresas. No suroeste do Parque ofrécese unha zona de servizos: aloxamentos, restaurantes, oficinas bancarias, servizos médicos, guarderías... que aportan un interesante valor engadido á zona.





O Centro comercial O Boulevard, en Vitoria, é o máis grande do País Vasco.





Ano 2010. Proxecto de construción do Hospital Universitario de Álava, en Vitoria, que se ubicará xunto ás dependencias do actual hospital de Txagorritxu e que acollerá tamén as especialidades que ata agora ofrecía o Hospital de Santiago, situado ao outro lado da cidade.





- CASCO MEDIEVAL
- AMPLIACIÓN ILUSTRADA
- EXPANSIÓN (1800-1950):**
- PRIMERA MITAD SIGLO XIX
- ENSANCHE
- PRIMERA MITAD SIGLO XX
- PERIFERIA (1950-ACTUALIDAD):**
- PER. INDUSTRIAL
- PER. DE SERVICIOS
- PER. RESIDENCIAL:**
- Clases medias-altas
- Clases medias
- Clases medias-bajas
- Núcleos de extrarradio
- Nuevos grandes barrios periféricos
- Principales zonas verdes
- Antiguos caminos
- Ferrocarril Madrid-Irún
- Primer cinturón de ronda
- Segundo cinturón de ronda
- Tercer cinturón de ronda